

O AFUNDAMENTO DO PRESTIGE

O día 13 de Novembro do ano 2002, o *Prestige*, un barco petroleiro que navegaba a unas 30 millas de Fisterra, lanzou una mensaxe de socorro pedindo axuda, pois abríraselle una vía de auga no costado de estribor.

O *Prestige* era un petroleiro con máis de 25 anos de antigüidade que ía cargado con preto de 80.000 toneladas de fuel, un derivado do petróleo de gran poder contaminante. Unha parte deste fuel comezou a derramarse no mar polas fendas abertas no casco.

A tripulación do barco foi evacuada mediante helicópteros. Só quedaron no buque o capitán e outros dous mandos, para dirixir as manobras de salvamento.

Ao día seguinte, o *Prestige* estaba só a 3 millas de Muxía, unha das vilas mariñeiras da Costa da Morte. Desde alí, sería doado remolcalo a un porto seguro e proceder ao trasvase do fuel. Pero as autoridades españolas decidiron afastalo cara mar alto. Deste xeito, como se ve no mapa, o *Prestige* iniciou una traxectoria errática que parecía non obedecer a ningún criterio racional.

Nesta viaxe a ningures, o barco foi soltando fuel, do que chegou a perder máis de 11.000 toneladas. Ese fuel formou una gran mancha que os ventos e as correntes mariñas empurraron cara á costa.

O 19 de novembro, sete días despois do accidente, o *Prestige* acabou por tronzar en dúas metades e afundirse a 260 km das Illas Cies. Os seus restos, finalmente, pousaron a una profundidade duns 2.500 m. Durante a súa rotura e afundimento, o fuel continuou saíndo en grandes cantidades. Este vertido, unido ao que xa soltara o barco anteriormente, acabou provocando a maior catástrofe ecolóxica da historia de Galicia e una das máis grandes sucedidas no mundo.

A MAREA NEGRA

Desde que se abriu no *Prestige* una vía de auga ata que, finalmente, afundiou no mar, o barco foi soltando una parte do fuel que transportaba. Calcúlase que, en total, botou ao mar unas 26.000 toneladas.

Como o fuel flota na auga, formou unas extensas manchas sobre a superficie do mar. Estas manchas fóronse desprazando deica a costa galega, provocando sucesivas mareas negras. Máis tarde, chegaron tamén á costa de Asturias, Cantabria, Euskadi e Francia.

A Primeira marea negra chegou á costa da Morte só tres días despois do accidente. Tras o afundimento do barco, viñeron outras mareas negras, aínda máis intensas. Dos 1.121 Km. de costa que ten Galicia, víronse afectados 913 Km., é dicir, practicamente toda a beiramar do noso país. Ademais da extensa zona da Costa da Morte, as illas atlánticas (Ons, Sálvora e as Cíes) sufriron de xeito especialmente intenso os efectos da marea negra.

O fuel ou chapapote ao estenderse polas rochas e areais da costa, produce unha contaminación que persiste durante moito tempo. Acaba coa vida na auga, pois a capa de fuel que se forma na tona non deixa pasar a luz e o osíxeno. Ademais, como unha parte se deposita nos fondos mariños, aínda que se limpe na superficie, os seus efectos prolónganse durante anos.

Coa marea negra, os peixes que non morren foxen a outros lugares. Os mamíferos mariños (baleas, arroaces, etc.) teñen graves problemas respiratorios. As especies que viven nas rochas o una área (percebes, ameixas, etc.) morren intoxicadas. As aves mariñas son o grupo máis castigado. Ademais de envelenalas, o fuel destrúe a capa impermeable que posúen na súa plumaxe; deste xeito non poden voar nin manter a calor do corpo, o que as leva á morte.

Só nos primeiros quince días, víronse afectadas entre 20.000 e 40.000 aves de corenta especies diferentes. Todo isto ten relevantes consecuencias económicas, e máis en Galicia, onde unha grande parte da poboación vive do mar (pesca, marisqueo, acuicultura...). Tamén o turismo e o comercio se viron afectados directamente.

A MOBILIZACIÓN SOCIAL

A chegada da marea negra ás costas galegas deixou ao descuberto a inexistencia de medios para combatela. Non había barcos para aspirar o fuel do mar (tiveron que vir doutros países europeos). Apenas había barreiras anticontaminantes para protexer as zonas da beiramar que con máis urxencia precisaban ser salvadas. Os medios para retirar o chapapote que chegaba á costa eran moi escasos e insuficientes.

Como o goberno non daba reaccionado, a poboación mariñeira decidiu autoorganizarse e combater a chegada do fuel cos medios que tiñan. Fixérono cos seus barcos e lanchas, empregando trebellos ideados de xeito artesanal. Foi extraordinaria a defensa que fixeron das rías de Arousa e Vigo, pois impediron que o fuel entrase nos riquísimos bancos marisqueiros que hai nelas.

Aínda que o problema afectaba sobre todo á xente mariñeira, produciuse en toda Galicia un movemento de indignación. Este movemento concretouse na creación da plataforma *Nunca Máis* e nas numerosas manifestacións de protesta que se produciron en vilas e cidades, sobre todo a do día 1 de decembro en Santiago de Compostela, a maior que nunca houbo en Galicia. En todas as poboacións galegas apareceron de xeito espontáneo as bandeiras e pancartas con dúas palabras “*Nunca Máis*”, convertidas xa para sempre en símbolo da protesta ante a catástrofe do *Prestige*.

Chegaron gran número de persoas ás zonas máis afectadas para traballar na retirada do fuel e na limpeza da beiramar. Chegaron desde toda Galicia, de diversas partes de España e doutros países do mundo. Foron os chamados *voluntarios*, que fixeron un traballo exemplar durante as primeiras semanas que seguiron á catástrofe. Posteriormente, a chegada do exército e dos traballadores pagados pola Administración, serviu para complementar o labor que iniciaran a xente mariñeira e os voluntarios.

UNHA LONGA HISTORIA DE MAREAS NEGRAS

Unha das máis importantes vías de tráfico marítimo actuais é o chamado “corredor de Fisterra”. Trátase dunha vía que discorre en paralelo á costa galega, situada a unas 25 millas de distancia dela.

Por ese corredor teñen a obriga de pasar todos os buques que leven mercadorías perigosas. É o que percorren os petroleiros, que en moitos casos son barcos antigos e con poucas medidas de seguridade (só catro de cada dez teñen dobre casco). Por esta razón, dos once accidentes máis graves producidos no mundo nos últimos anos, sete deles ocorreron nas costas galegas.

En 1970, o petroleiro grego *Polycomander* bateu cunhas rochas á altura das Illas Cies e verteu no mar 50.000 toneladas de petróleo. Foi a primeira gran marea negra que padeceu Galicia.

Tamén nese mesmo ano, o buque polaco *Erkowit* embarrancou nunha zona próxima á Coruña. Levaba 2.000 bidóns de pesticidas que, en parte, se derramaron pola costa.

En 1976, o petroleiro español *Urquiola* chocou cunhas rochas da canle de entrada no porto da Coruña, á altura da torre de Hércules. Verteu o petróleo que levaba, estoupou e ardeu todo, provocando unha enorme contaminación nas rías da Coruña e Ares.

En 1978, o petroleiro grego *Andros Patria* accidentouse e ardeu na costa norte de Galicia, botando ao mar unha boa parte das 20.000 toneladas de petróleo que levaba e provocando unha terrible marea negra.

1987, o buque panameño *Cason* embarrancou nunha praia próxima á Fisterra. Transportaba bidóns con produtos altamente tóxicos, que provocaron unha onda de pánico e a fuxida de miles de persoas das zonas próximas. Nunca se soubo qué contiñan en verdade aqueles bidóns, que as autoridades fixeron desaparecer.

En 1992, o petroleiro grego *Aegen Sea* embarrancou cando tentaba entrar no porto da Coruña. Incendiuse e botou ao mar 72.000 toneladas de petróleo, provocando tamén unha extensa marea negra.

No ano 2002, o *Prestige* véñse a engadir a esta vergoñenta listaxe.

CARTAS DE REIS DE DOUS MENOS GALEGOS

Eu chámome Jairo e son dun pobo da Costa da Morte chamado Malpica de Bergantiños.

Os nenos e nenas do litoral galego atrevémonos a pedir ... que deixen de comprar bombas e que compren buques anticontaminación.

Eu aínda era moi pequeno cando foi o do *Mar Exeo* e aínda non nacera cando fora o do *Cason*, pero a xente aínda se acorda do medo que pasara, e agora volve a pasar, e sigo a ter medo, pena e rabia.

A miña amiga María dixo que seu bisavó emigrara, que o seu pai emigrrou e ela tamén emigrrou e que o seu fillo vai ter que emigrar.

É moi inxusto o que nos está pasando porque despois de estar traballando dez anos volven tirar petróleo encima.

E os presidentes non fan ben nada.

O que nos está pasando prexudícanos a todos, tanto como aos albaneis, panadeiros, etc. É un problema de toda Galiza.

Sobreviviremos sen mar?

Jairo (11 anos)

Señoras e señores Deputados:

Chámome Celtia, teño dez anos e vivo en Muxía, que é a primeira zona á que chegou o chapapote. Nesta época do ano estamos escribindo a carta aos Reis Magos, pero polas circunstancias que estamos sufrindo desgraciadamente terémovola que escribir a vós.

Antes os nosos país ían ao mar e voltaban cargados de peixe; agora van ao mar e voltan coa roupa chea de chapapote; na lonxa xa non se vende peixe, senón que está chea de voluntarios de todas partes do mundo que viñeron axudar a Galicia.

A xente de Muxía pasa o día na lonxa, para que non lles falte un prato quente cando veñen mollados e cansos de traballar.

Pero qué menos, cando a palabra grazas queda pequena para agradecer canto lles debemos.

Os nosos país dinnos que cando sexamos maiores igual xa non hai peixes, porque están buscando augas máis limpas onde poder vivir. Cando me dixeron isto recordei aquel

debuxo de Castelao que vira na escola, onde hai dous nenos sentados, e un dille a outro.
“As sardiñas volverían se os gobernos quixeran”.

Nós queremos que os gobernos queiran, para que volvan aparecer sardiñas, araos e eses moluscos chamados percebes. Tamén me gustaría xogar no parque do Coído, pero non podo pois mancheime toda, porque os columpios tamén están petroleados.

Nós queremos que o goberno queira que os nosos país traballen de novo coma antes, para darnos un futuro mellor, porque sen mar non temos nada,

Como pensades que sairemos adiante?

Celtia (10anos)